




**INTRODUCCIÓN**

O río Sarela (uns 10 km de longo, caudal medio de 500 l/s) que acompaña polo oeste a cidade de Compostela, cumpriu un papel fundamental no desenvolvemento humano da zona ao prover de auga para uso agrario, doméstico (bebida, limpeza...) ou industrial; ademais dos muíños, foron moitas as fábricas de coiro que traballaron ao abeiro das súas augas; e tamén abasteceu de pesca e serviu para os xogos e o baño, cumprindo tamén unha función recreativa. Foi, así mesmo, un río que sufriu moitas modificacións; desde as desviacións da súa auga para levala aos muíños e a ocupación das beiras do canal con muros, estradas e outras estruturas, até agresións máis recentes como a deforestación ou os vertidos.

Non obstante, desde hai uns anos iniciouse un proceso de recuperación que inclúe labores periódicos de limpeza do leito, eliminación de vertidos, acondicionamento das beiras, restauración de elementos patrimoniais, habilitación dun paseo fluvial. O río conserva valores ambientais e patrimoniais que cómpre coñecer e valorar: cargado coa memoria do pasado recente, o río segue vivo e cambiante, ofertando espazos e especies novas con cada crecida e con cada estación. Achegarse ao río e percorrer as súas beiras é ampliar coñecementos e é pracer, e é tamén un medio para recoñecerlo e valoralo como fonte de vida e de recursos.



**RECOMENDAMOS...**

- » Pódeste chegar aos puntos de inicio e fin da ruta usando o servizo de transporte urbano **LIÑA 4** (Romaño-Vista Alegre-As Canceles) e **LIÑA 8** (Vidán-Belvis).
- » Leva roupa axeitada (botas e pantalóns longos).
- » Respecta o lugar que estás a percorrer e recolle todo o lixo que veres.
- » Non esquezas levar auga para o traxecto.

**LEENDA DOS MAPAS**

- Ruta suxeirida
- Curso do río Sarela
- Árbores e vexetación
- Rúas e accesos

**2 DA PONTE DO ROMANO A PONTEPEDIÑA DE ARRIBA**

**A DESTACAR**

- 2 Ponte do Romaño
- 3 Muíño do Romaño
- 4 Pontella da Burata
- 5 Antiga Fábrica de Curtidos
- 6 Lavadoiro e fonte
- 7 Ponte dos Tres Ollos
- 8 Parada de Bus Liña 4

Distancia: 840 m.

A ponte de Romaño marca o inicio dunha ruta de baixa dificultade pola beira do río. Pola súa marxe dereita chégase ao camiño das Barcias que, afastándose do río, volve a el na ponte dos Tres Ollos despois de permitir interesantes vistas da cidade. Cruzando unha pontella onde a finca Catalina, pola marxe esquerda, atópanse muíños -algún con certo grao de conservación- e canles, das que parte están en uso para rego dos prados. O río flúe acompañado de árbores que lle dan sombra á ruta, a cal atravesa finalmente a canle seca dun vello muíño tapado polas hedras para chegar a unha vía asfaltada, a rúa de Ponte Pedriña de Arriba, que desemboca, por unha ponte, na antiga fábrica de curtidos Vilas, fábrica establecida en 1874 e activa até 1961.

Á beira da ponte da fábrica, consérvase outra, a ponte dos Tres Ollos, no antigo camiño a Bergantiños. Cruzando por ela, atópase unha fonte de abondosa auga cun lavadoiro anexo.



**DA PEREGRINA A PONTE DO ROMANO**

**A DESTACAR**

- 1 Ponte de Sarela de Arriba
- 2 Carballera e igrexa da Peregrina
- 3 Lavadoiro e muíño de Sarela
- 4 Ponte do Romaño

O río Sarela nace ao norte da cidade de Compostela, na leadeira nororiental do monte Pedroso e, dirixíndose cara ao norte, achégase á igrexa de Santa María Peregrina. Logo de separar os núcleos de Sarela de Arriba e da Peregrina, toma unha decidida dirección sur; mentres continúa a recibir achegas de pequenos regatos e incrementábase o porte e a franxa da vexetación ribeira.

Despois duns 3 km de percorrido, volve cruzar baixo a estrada de Santiago a Santa Comba, na ponte do Romaño, a onde chega xa con certa entidade de río, encaixado nun val asimétrico de escasa accesibilidade e deixando atrás varios muíños en desuso.

**DE PONTEPEDIÑA DE ARRIBA A PONTE DE CASAL DA HORTA**

**A DESTACAR**

- 3 Ponte dos Tres Ollos
- 4 Illas no río
- 5 Muíño da Agra
- 6 Muíño
- 7 Ponte de Casal da Horta


Distancia: 450 m.

Pola beira dereita, ao principio a ruta sepárase lxeiramente do río por causa dunha canle en desuso, que establece unha pequena illa de densa e variada vexetación. Pero deseguida se achega de novo ao seu curso, que vai trazando apertadas curvas entre un bosque de ribeira que gaña entidade e diversidade de freatos e plantas herbáceas. É un tramo de especial interese natural, que tamén foi utilizado para o baño.

Preto do seu final, atópase o muíño da Agra, de grandes dimensións e hoxe en fase de rehabilitación. Antes da ponte, baixando unhas escadas accédese a unha fonte que deita a súa auga no río. Na outra marxe, outro muíño con vivenda, dos moitos que houbo no río Sarela.

**DE PONTE A PONTE POLO RÍO SARELA**





Distancia: 470 m.

#### A DESTACAR

- 4 Ponte de Casal da Horta
- 5 Muíño de Lermo
- 6 Ponte de Lermo



Cómpre cruzar a ponte de Casal da Horta para continuar a ruta pola marxe esquerda do río, unha ruta chá que acompaña as curvas do río. Predomina o ameneiro, afeito a terrens húmidos e sombríos, que alterna con salgueiros e algun que outro loureiro (o maior interese ambiental deste treito está ao oeste, onde hai unha braña e unha canle con auga permanente, ademais dun bosque húmido).

Na marxe dereita do río, o antigo muíño de Lermo, hoxe convertido en taberna, sinala o final de treito.

### 4 DA PONTE DE CASAL DA HORTA A PONTE DE LERMO



Distancia: 520 m.

#### A DESTACAR

- 6 Ponte do Asén
- 7 Antiga curtiduría
- 8 Fonte do Ouro
- 9 Ríos Corvo e Sarela
- 10 Finca Espiño
- 11 Capela do Carme
- 12 Ponte do Carme



Despois da ponte de Asén, o río penetra nos xardíns de Galeras onde recibe, pola esquerda, as augas do río Corvo, que vén desde Meixofrío.

Na marxe dereita, entre edificios de recente construción, permanece, aínda que deteriorado, o cortidoiro de Fonte do Ouro, non lonxe da fonte do mesmo nome que segue brindando auga a quen a ela se achegue. E presidindo o conxunto, o monte Pío e a finca do Espiño que destaca pola densidade da súa vexetación.

O Sarela discorre maino, deixando medrar a vexetación no seu leito, primeiro entre árbores, despois á beira dun muro de pedra até chegar á ponte e á capela do Carme de Abaixo. Esta foi construída no século XVIII seguindo trazas do barroco clasicista e foi reformada un século máis tarde.

### 6 DA PONTE DO ASÉN A PONTE DO CARME DE ABAIXO



Distancia: 970 m.

#### A DESTACAR

- 9 Ponte Sarela
- 10 Fábrica de Curtidos
- 11 Xardín Botánico
- 12 Muíño dos Dominicos
- 13 Ponte de San Domingos




Pola ponte Sarela pasa o Camiño de Santiago na súa prolongación até Fistera. No seu contorno hai un antigo muíño, reconstruído e adaptado para vivenda, e as instalacións da fábrica de curtidos de Ponte Sarela, pendente de rehabilitación. Cruzada a ponte, o camiño distánciase do río e acompaña o cercado da finca do mosteiro de San Lourenzo de Trasouto até chegar aos terreos onde se desenvolverán os xardíns botánicos, entre o río e a estrada de San Lourenzo.

Pola beira do río discorrerá un sendeiro que pasará preto dun muíño e rematará no muíño dos dominicos, á beira da ponte de San Domingos.

En tanto non se habilite, en lugar de dirixirse ao río, hai que afastarse del e coller a estrada de San Lourenzo para chegar á ponte de San Domingos.

### 8 DE PONTE SARELA A PONTE DE SAN DOMINGOS

Distancia: 1000 m.



Seguindo a marxe esquerda do río, despois duns metros pola estrada entrárase nunha área de lecer pola que continúa a ruta pola beira do río que, despois dun treito chan, discorre por unha zona de certa pendente, mentres prossegue a presenza do bosque de ribeira lindando con leiras e prados. Ao chegar a Tras Santa Isabel o río remansase lixeiramente para ser utilizado nunha ringleira de lavadoiros antes da pequena ponte que hai que cruzar para seguir pola marxe dereita do río até a ponte do Asén. Atrás queda o treito menos urbano do río, onde o bosque de galería aínda conserva interese, a pesca volveu recuperarse e non é difícil atopar fauna silvestre.

#### A DESTACAR

- 5 Ponte de Lermo
- 6 Illas no río
- 7 Bosquete de ribeira
- 8 Lavadoiros de Santa Isabel
- 9 Ponte do Asén



### 5 DA PONTE DE LERMO A PONTE DO ASÉN

A partir da capela, o río discorre encerrado entre muros até separarse da antiga fábrica do Carme, hoxe transformada en vivendas. A ruta, acondicionada logo de recuperar a área de servidume do río, segue a marxe dereita até penetrar por unha ponte no Ruero de Figueiriñas, onde segue en pé pola esquerda do río a casa da antiga vivenda da fábrica da Ponte do Ruero. Pola dereita quedan ruínas de muíños e máis da tinería de Casas do Rego.

Despois da ponte das casas da Ribeira de San Lourenzo, a ruta continúa pola beira dereita (Xusto ao pasar a ponte, un estreito camiño de forte pendente, con pedras labradas na súa beira, leva a Bar de Arriba e ao Pedroso). Na marxe esquerda sucedense as casas e os muíños; a ruta, entre árbores, pasa a carón dun estado ruinoso e doutros transformados en vivendas.

#### A DESTACAR

- 7 Ponte do Carme
- 8 Antigas curtidurías
- 9 Resto de acueducto
- 10 Área de descanso
- 11 Pedras labradas
- 12 Muíño
- 13 Carballeira de San Lourenzo
- 14 Ponte Sarela



Distancia: 1300 m.

### 7 DA PONTE DO CARME DE ABAIXO A PONTE SARELA

#### A DESTACAR

- 7 Ponte de San Domingos
- 8 Muíño
- 9 Igrexa de Vidán
- 10 Lavadoiro e Fonte da Amañecida
- 11 Ponte Vella
- 12 Ponte da Amañecida

Parada de Bus Liña 4



Distancia: 1620 m.

A partir da ponte de San Domingos, a ruta vai por unha estrada (rúa de Sarela de Abaixo) paralela ao río até chegar a Vidán, ao pé do Hospital Clínico. Hai que cruzar a estrada Santiago-Noia (aconsellábel é facelo xunto á parada de bus, uns metros máis adiante) para retomar o camiño á beira do Sarela. A ruta discorre a certa distancia do río; pódense apreciar varias construcións, como o muíño de Riosa, hoxe abandonado.

Xunto a outro muíño, xusto debaixo dos piares da nova estrada, unha pontella permite pasar á marxe esquerda do río e acompañalo de preto até que se deita no río Sar para avanzar xuntos cara a Padrón e fundirse co río Ulla.

Pódese seguir augas arriba do río Sar até chegar á Ponte Vella, e volver pola rúa até o lavadoiro e a fonte da Amañecida.

### 9 DA PONTE DE SAN DOMINGOS A AMAÑECIDA